

CONCURSO TIK-TOK “DÍA INTERNACIONAL DAS MULLERES” - ARTEIXO 2021

CENTRO EDUCATIVO	CURSO E CLASE
ALUMNA/O	USUARIO TIKTOK
Nome nai/pai ou titor/a legal	DNI nai/pai ou titor/a legal
Correo electrónico	Tif. de contacto

Mediante a firma do presente documento manifesta que coñecendo as bases do concurso, autoriza expresamente a participación da/o menor no concurso de vídeo a través da APP Tik-Tok, organizado polo concello de Arteixo, así como o tratamento dos datos e imaxes do mesmo, sempre coa finalidade do desenvolvemento do presente concurso, así como utilización das obras seleccionadas tal e como se recolle nas bases.

En Arteixo, a de febrero de 2021

Firmado:

O presente documento una vez cumplimentado e asinado pode presentarse no centro educativo polo alumno, escaneado ou fotografiado remitido por WhatsApp a o número 644 624 475 ou ao correo electrónico:mulleresarteixo8m@gmail.com

BASES DO CONCURSO

Poderán participar estudantes de 1º, 2º, 3º e 4º da Educación Secundaria Obrigatoria, 1º e 2º de Bacharelato, e Formación Profesional que curse os seus estudos no concello de Arteixo, coa autorización legal dun representante legal maior de idade (proxenitor/a ou titor/a legal) nos casos de menores de idade.

A organización facilitara aos centros docentes participantes as fichas para o rexistro dos participantes e autorización legal na mesma folla, que teñen que devolver cumprimentada no propio centro, ou remitila por correo electrónico a mulleresarteixo8m@gmail.com ou por WhatsApp ao nº 644 624 475 antes do luns 1 de marzo as 12:00 h

PERÍODO DE PARTICIPACIÓN: O período de participación abrirase o próximo día 24 de febreiro de 2021, e pecharase o 2 de marzo de 2021 ás 15:00 h.

NORMAS DE PARTICIPACIÓN.

O concurso busca cumprir 4 obxectivos:

- Promover á reflexión sobre o papel fundamental das mulleres na sociedade, e desenvolver conductas igualitarias dende unha perspectiva de xénero e celebrar o 8M.
- Estimular unha actitude responsable das/os xóvenes perante o COVID 19 cunha perspectiva de xénero.
- Estimular a creatividade da xuventude arteixán.
- Incidir no uso responsable das redes sociais entre a xuventude de Arteixo.

Características do concurso de vídeos TikTok:

Propónse a creación de vídeos a través da plataforma TikTok, de estilo libre, en torno á temática As mulleres de Arteixo no 8M..Deberanse etiquetar os vídeos co **hashtag #mulleresarteixo8M** e publicalos en TikTok.

Establécense sete premios para os vídeos mellor valorados polo xurado: mellor vídeo de cada curso 1º, 2º, 3º e 4º da ESO, 1º e 2º de Bacharelato, e F.P. **Os premios consistirán en tablets.**

Teranse en conta os seguintes requisitos:

- Os vídeos deben ser orixinais e propios do autor ao que pertence a conta.
- Non se admitirán vídeos ofensivos ou que atenten contra os dereitos de terceiras persoas.
- Admítase un vídeo por participante, cunha duración mínima de 15 segundos, e máxima de 60 segundos.
- O estilo é libre: pode incluírse humor, baile, efectos especiais

O xurado estará composto por 1 técnica do CIM, Concelleira de Igualdade, Servicios Sociais, Sanidade e Educación, e con voz pero se voto, unha técnica/o en igualdade proposta pola organización. Valorarase o atractivo dos vídeo no seu conxunto, tanto en forma como en contido, tendo en conta aspectos como a claridade e interese da mensaxe, orixinalidade, creatividade, etc. Reunirase o 5 de marzo do 2021 e resolverá.

As propostas deben responder á temática establecida para o concurso: As mulleres de Arteixo no 8M, creativa sobre a igualdade de xénero, as relacións afectivas entre mulleres e homes e o rexeitamento e a prevención da violencia de machista.